

Concentración por Palestina

Varias organizacións de Pontevedra, entre elas a CGT e a Asociación Barco a Gaza, teñen convocada para hoxe unha concentración en Pontevedra, en protesta polos acontecementos que veñen ocorrendo nestes últimos días nas fronteiras de Exipto e Jordania con Gaza e Israel. A Marcha Internacional pola liberdade de Gaza e o fin do bloqueo da Franxa, está sendo duramente reprimida por as policía exipcia, xordana e israelí; decenas de camións cargados de alimentos e outros produtos solidarios están paralizados e vixiados polas autoridades xordanas e exipcias. Centos de pacíficos militantes da Marcha están sendo castigados e algúns puxéronse en folga de fame ou permanecen sentados ata se levante a prohibición de salir hacia Gaza. A concentración en Pontevedra, convocada con toda a urxencia que impoñen os acontecementos, terá lugar as 8 da tarde, na praza da Peregrina.